

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativado deputado Carlos Gómez Salgado, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego **10/PNC-003136 (39109)**, sobre a renovación polo Goberno galego do Programa de recollida de plástico agrícola, así como o establecemento dunha liña de axudas aos concellos de vocación agrícola-gandeira para a súa recollida e o acondicionamento dos puntos de depósito

Emenda de modificación

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

O Parlamento insta á Xunta de Galicia a estudar medidas para colaborar cos concellos na recollida e transporte dos plásticos usados de orixe agrícola

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 22/11/2018 17:51:59

Carlos Gómez Salgado na data 22/11/2018 17:52:28

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa do deputado Moisés Blanco Paradelo, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego **10/PNC-003160 (39340)**, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a execución da reestruturación parcelaria nas parroquias de Bamonde, Lampai, Lucí, Luou, Oza, Rarís, Teo e Vilariño, do concello de Teo

Emenda de modificación

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“O Parlamento Galego insta á Xunta de Galicia a que estude a posibilidade de iniciar os traballos de reestruturación parcelaria de Baamonde, Lampai, Lucí, Luou, Oza, Rarís, Teo e Vilariño, así como de outras zonas que tamén o soliciten, cumprindo cos obxectivos da Lei 6/2011, de 13 de outubro de Mobilidade de terras e da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia”.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 22/11/2018 17:51:10

Moisés Blanco Paradelo na data 22/11/2018 17:51:39